



## **CIRCULAR 7/2014 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE DITAN INSTRUCIONS ÁS ESCOLAS DE ARTE E SUPERIORES DE DESEÑO, PARA A ORGANIZACIÓN DO ANO ACADÉMICO 2014.**

No curso 2010/2011, ao abeiro do disposto na disposición adicional terceira do Real decreto, 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, puxéronse en marcha os novos estudos nas diferentes especialidades do grao en deseño, procedéndose á extinción, con carácter progresivo, das ensinanzas reguladas polo Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro.

A Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao (DOG do 8 de outubro), corrixida no DOG do 17 de abril de 2012, definiu os aspectos xerais da matrícula e acceso nestas ensinanzas.

Así mesmo, a Circular 8/2010, e a Circular 13/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, estableceron as condicións para a extinción das ensinanzas do plan regulado polo Decreto 1496/1999, do 24 de setembro, e a incorporación no seu caso do alumnado do 1º e 2º curso deste plan de estudos ao novo plan de estudos regulado pola Orde do 30 de setembro, así como diversos aspectos do proceso de avaliación.

Igualmente, a Circular 3/2011, e a Circular 8/2012, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, precisaron diversas cuestións referidas ao proceso de avaliación nas ensinanzas superiores de deseño, así como da realización das probas ordinarias e extraordinarias, e da implantación progresiva destas ensinanzas, e a Circular 4/2013 regulou a implantación do cuarto curso das ensinanzas superiores de deseño

Rematada a implantación das ensinanzas superiores de deseño, á vista das cuestións formuladas desde as EEASSD tendentes a mellorar a calidade destas ensinanzas na Comunidade Autónoma de Galicia, e tendo en conta a implantación, no presente ano académico 2013-14, dos novos currículos dos ciclos formativos de grao superior de Fotografía, Ilustración e Gráfica Publicitaria, ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), procede actualizar as instrucións contidas na Circular 4/2013, e ampliar o seu ámbito de aplicación ás ensinanzas profesionais de grao superior de Artes Plásticas e Deseño, para o vindeiro ano académico 2014-2015.

As presentes instrucións serán de aplicación nas escolas de arte e superiores de deseño da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **1. Extinción do plan de estudos LOXSE.**

1.1. De acordo co disposto no calendario de implantación das novas ensinanzas superiores de deseño, no curso 2014-2015 non se realizará nova matrícula nas materias correspondentes aos cursos 1º, 2º e 3º das diferentes especialidades reguladas polo plan de estudos disposto no Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro. Unicamente poderá realizar a matrícula o alumnado que teña pendente de superar o Proxecto final de carreira.



1.2. En canto ás convocatorias e exames para a superación das materias en extinción e a avaliación das mesmas, será de aplicación o disposto na Orde do 25 de abril de 2007, pola que se regula a avaliación, a acreditación académica e a mobilidade do alumnado que cursa as ensinanzas superiores de deseño.

## **2. Organización xeral do cuarto curso das ensinanzas superiores de deseño.**

2.1. O cuarto curso das ensinanzas superiores de deseño organizarase en cuadrimestres.

2.1.1. Durante o primeiro cuadrimestre impartiranse todas as disciplinas establecidas na Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas superiores de deseño na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao, corrixida no Diario Oficial de Galicia do 17 de abril de 2012.

2.1.2. Durante o segundo cuadrimestre o alumnado que teña superadas todas as disciplinas dos cursos primeiro, segundo, terceiro e cuarto, realizará as Prácticas externas e o Tráballo Fin de Estudos (TFE).

2.2. Matrícula, realización, avaliación e cualificación das Prácticas externas.

### **2.2.1. Matrícula.**

O alumnado matricularase nas Prácticas externas ao comezo do ano académico correspondente, e disporá de dúas convocatorias en cada matrícula, como ordinaria e extraordinaria respectivamente, para a superación desta disciplina.

A avaliación correspondente á primeira das convocatorias citadas realizarase nos dez días seguintes ao remate do 2º cuadrimestre do ano académico que corresponda, e a segunda nos dez días seguintes ao remate do 1º cuadrimestre do seguinte ano académico.

### **2.2.2. Realización.**

As Prácticas externas serán realizadas polo alumnado en empresas, institucións, estudos ou talleres nos que a actividade principal se desenvolva no ámbito profesional da especialidade correspondente, en tarefas directamente relacionadas coas competencias específicas acadadas polo alumnado ao longo dos seus estudos, e terán unha duración mínima de 250 horas. As empresas, institucións, estudos ou talleres deberán asinar o correspondente convenio coa escola no que conste de xeito individualizado para cada alumno/a o calendario e o horario, o/a responsable do cumprimento do convenio por parte da empresa, institución, estudo ou taller e a definición das tarefas nas que o alumnado terá que participar.

O alumnado redactará unha memoria de actividades realizadas no desenvolvemento das Prácticas externas, segundo o formato disposto pola escola, na que constarán, polo menos os seguintes datos:

- Actividades específicas realizadas, e temporalización das mesmas: descrición, circunstancias, horario e calendario.
- Valoración das actividades realizadas segundo os parámetros seguintes: adecuación das tarefas á formación académica recibida, grao de inmersión do alumno/a nos procesos produtivos e laborais da institución ou empresa.
- Valoración da tutela efectiva desenvolvida polo/a responsable das Prácticas externas por parte da institución ou empresa.



2.2.3. As Prácticas externas serán organizadas e supervisadas segundo o disposto no artigo 12º.4 do Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o Regulamento orgánico das Escolas de Arte e Superiores de Deseño da Comunidade Autónoma de Galicia. Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos da escola poderá autorizar a realización das Prácticas externas ao alumnado con disciplinas pendentes, e sempre que a suma dos créditos ECTS asociados ás mesmas non sexa superior a 18.

#### 2.2.4. Avaliación e cualificación.

As Prácticas externas serán avaliadas e cualificadas polo/a titor/a correspondente, segundo o establecido no artigo 37º do citado Decreto 61/2010, e tendo en conta o informe individualizado sobre cada alumno/a redactado polo/a responsable da empresa, institución, estudo ou taller no que o/a alumno/a teña realizadas as Prácticas externas.

Na avaliación das Prácticas externas terase en conta o establecido no artigo 13º da xa citada Orde do 30 de setembro, e os criterios que para o desenvolvemento do mesmo se acordan polo departamento da familia profesional artística correspondente.

As Prácticas externas cualificaranse de acordo co disposto no artigo 13º.6 da Orde do 30 de setembro xa citada.

#### 2.3. Traballo Fin de Estudos.

O Traballo de Fin de Estudos (TFE) consistirá no desenvolvemento completo dun proxecto e, se é o caso, a execución do mesmo, segundo as especialidades das que se trate, nas condicións mais semellantes posible as do ámbito laboral, económico e produtivo real.

O tribunal constituído para o efecto, oído o equipo docente da especialidade, establecerá as partes que integrarán o TFE en cada caso, a documentación que debe elaborar, redactar ou realizar e entregar o alumnado, e o calendario preciso para o desenvolvemento do TFE, que constará como mínimo de:

- Prazo/s, condicións e documentación precisa para a presentación e defensa das propostas de traballo por parte do alumnado, calendario e horario de defensa das propostas.
- Asignación de titor/a do TFE a cada alumno/a, e horario semanal de atención.
- Calendario de realización, prazo e forma de entrega do TFE; calendario e horario de defensa dos mesmos.
- A presentación do TFE levarase a cabo en sesión pública, e cada alumno/a disporá dun máximo de trinta minutos para a exposición e defensa do mesmo. O tribunal disporá dun máximo de trinta minutos para formular cuestións ao alumnado.

##### 2.3.1. Matrícula.

O alumnado matricularase no TFE ao comezo do ano académico correspondente, e disporá de dúas convocatorias, como ordinaria e extraordinaria respectivamente, en cada matrícula para a superación desta disciplina.

A avaliación correspondente á primeira das convocatorias citadas realizarase nos dez días seguintes ao remate do 2º cuadrimestre do ano académico que corresponda, e a segunda nos dez días seguintes ao remate do 1º cuadrimestre do seguinte ano académico.



Excepcionalmente, a dirección da escola poderá adiantar a convocatoria extraordinaria prevista no parágrafo anterior ao mes de outubro do ano seguinte, para o alumnado que teña unicamente pendente de superación o TFE e conte co informe favorable do tribunal correspondente para continuar, rematar ou completar o TFE presentado na correspondente convocatoria ordinaria.

### 2.3.2. Realización.

Para a organización, avaliación e cualificación do TFE, constituirase un tribunal integrado por docentes da especialidade correspondente das ensinanzas superiores de deseño, nomeado pola dirección da escola, a proposta da xefatura de estudos da mesma, que estará integrado por un/ha presidente/a, e tres vogais, actuando como secretario/a do mesmo, con plena capacidade para cualificar, o/a docente con menos anos de servizo na escola. A dirección da escola ordenará a substitución de calquera dos/as integrantes do tribunal, cando proceda, por ausencia xustificada. En calquera caso, para a plena validez das actuacións do tribunal requirirase a presenza do/a presidente/a e dous/dúas vogais.

Os/as docentes que desempeñen a tutela do alumnado no TFE non poderán formar parte do tribunal cualificador do mesmo.

Para a realización do TFE, o alumnado deberá ter superadas todas as disciplinas que integran o plan de estudos da especialidade correspondente, agás as Prácticas externas. Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos da escola poderá autorizar a realización do TFE ao alumnado con disciplinas pendentes, agás que as disciplinas pendentes pertencen á materia de Proxectos de Deseño Gráfico, Proxectos de Deseño de Interiores, Proxectos de Deseño de Moda e Indumentaria e Proxectos de Produtos e de Sistemas, e sempre que a suma dos créditos ECTS asociados ás mesmas non sexa superior a 18.

O alumnado do TFE deberá propoñerlle ao tribunal, do xeito e no prazo que este determine, e achegando a documentación necesaria, o tema concreto que pretende desenvolver. O tribunal, vistas as propostas e defendidas as mesmas polo alumnado, determinará a súa idoneidade en función dos requisitos esixibles. De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo tribunal, ou formular unha nova proposta.

O alumnado do TFE contará coa titoría dun/ha profesor/a da especialidade durante catro horas á semana durante o cuadrimestre, en horario que será determinado pola xefatura de estudos da escola, oído o equipo docente da especialidade e en función das necesidades de organización xeral da mesma.

Previamente, en data que determine o tribunal cualificador do TFE, os/as titores/as do alumnado que presente o TFE para a súa avaliación e cualificación, deberán achegar informe individualizado para cada alumno/a tutelado/a, no que conste o seguimento da tutela realizada, con indicación da asistencia do/a alumno/a aos horarios de tutela establecidos, grao do seguimento das indicacións dadas e cantas outras circunstancias consideren significativas ou relevantes para a correcta avaliación do TFE.

Como parte integrante do TFE, o alumnado presentará unha memoria xustificativa do traballo realizado, que deberá conter un resumo da mesma en francés ou inglés.



### 2.3.3. Avaliación e cualificación.

A cualificación do TFE será a media aritmética das cualificacións emitidas polos/as integrantes do tribunal presentes na sesión de cualificación, expresada en termos numéricos cun decimal, eliminando as cualificacións individuais dos/as integrantes do tribunal que difiran entre si tres ou mais enteiros.

O alumnado con disciplinas pendentes, incluíndo as Prácticas externas non poderá presentar o TFE para a súa avaliación e cualificación. Nese caso, a dirección da escola procederá a anulación da convocatoria de oficio.

### 2.4. Ratio profesorado/alumnado.

2.4.1. A dirección de cada escola, logo da analizar o recoñecemento de créditos ECTS que o alumnado do primeiro curso das ensinanzas superiores solicite e presumiblemente lle sexan recoñecidos, poderá considerar ao alumnado con 24 ou mais créditos ECTS recoñecidos como alumnado repetidor, e en consecuencia non computalo para os efectos do máximo de alumnos/as admisibles no primeiro curso das ensinanzas superiores de deseño.

2.4.2. As disciplinas de tipo teórico-práctico e práctico manterán un ratio de 12 alumnos/as como máximo por profesor/a, non contando para estes efectos o alumnado que repita a disciplina.

Non se autorizara o desdoblamento dos grupos en disciplinas prácticas ou teórico-prácticas con grupos de alumnos/as resultantes que teñan 8 alumnos/as ou menos, non contando para estes efectos os/as alumnos/as repetidores/as.

### 3. Incorporación de alumnado procedente do plan LOXSE.

3.1. O alumnado que non teña rematado o plan de estudos a extinguir e desexe incorporarse ao novo plan das ensinanzas superiores de deseño na mesma especialidade, regulado pola Orde do 30 de setembro de 2010, poderá facelo nas seguintes condicións:

3.1.1. O alumnado poderá solicitar a súa incorporación ás novas ensinanzas superiores de deseño, da mesma especialidade na escola que teña elixida en primeira ou única opción entre o día 1 e o día 10 de setembro de 2014. O día 12 de setembro, as escolas publicarán as listaxes de admitidos/as nas súas páxinas web e no seu taboleiro de anuncios, ordeadas segundo a mellor cualificación do seu expediente académico e remitirán as ditas listaxes ao Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial. Unha vez formalizada a matrícula, antes do 20 de setembro de 2014, nas ensinanzas superiores de deseño, o alumnado deberá solicitar o recoñecemento dos créditos correspondentes ás materias superadas nos estudos que se extinguen, como créditos ECTS asociados ás disciplinas que integran as ensinanzas superiores de deseño nas que se atope matriculado, segundo o procedemento e prazo establecido no artigo 10 da Orde do 30 de setembro de 2010.

3.1.2. As convocatorias consumidas no plan a extinguir non se computarán nas convocatorias das que se dispoña para superar as disciplinas do novo plan de estudos ao que se accede. Igualmente, tampouco deberá terse en conta a permanencia no centro consumida no plan anterior, para os efectos do máximo de permanencia nas ensinanzas ás que se accede, segundo o disposto no artigo 15, punto 4 da Orde de 30 de setembro de 2010.



### 3.2. Aspirantes que estean en posesión do Título de Deseño.

As persoas que estean en posesión do Título de Deseño, con independencia de que estivesen ou estean matriculadas nas ensinanzas LOE de nova implantación, e desexen acadar a titulación nas novas ensinanzas superiores de deseño da mesma especialidade, poderanse incorporar ao 3º e 4º curso das mesmas, segundo as especialidades, para o ano académico, 2014-2015 nas seguintes condicións:

- Inscripción para o acceso e admisión.

Os/as aspirantes deberán formalizar a súa inscrición para a admisión antes do día 30 de xullo de 2014 na secretaría da escola elixida en primeira ou única opción para cursar os seus estudos, achegando a seguinte documentación:

- a) Solicitude de admisión en impreso que figura no anexo á presente circular.
- b) Copia cotexada da/s resolución/s de recoñecemento de créditos ECTS correspondentes ás ensinanzas superiores de deseño nas que solicita a admisión.
- c) No caso de non ter a/s resolución/s de recoñecemento de créditos ECTS mencionadas no apartado b), certificación de ter superado os estudos superiores de deseño na mesma especialidade que a das ensinanzas superiores de deseño que aspira a cursar, no que consten as cualificacións obtidas, e programas oficiais seguidos nos estudos superiores de deseño superados fóra do ámbito de competencia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

3.3. A dirección da escola remitirá á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa todas as solicitudes de recoñecemento de créditos ECTS asociados ás disciplinas das ensinanzas superiores de deseño que fosen presentadas, xunto coa documentación relativa ás mesmas, o 31 de xullo.

3.4. Para os efectos do recoñecemento de créditos ECTS asociados a disciplinas que integran as ensinanzas superiores de deseño, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará unha comisión que, logo de valorar os expedientes, propondrá á dirección xeral as resolucións individualizadas de cada solicitude.

Antes do 12 de setembro a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa publicará no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e nas escolas as listaxes de solicitudes por especialidade e escola, ordenadas segundo a prelación establecida pola mellor cualificación media do expediente académico do/a aspirante e atendendo á orde de preferencia de escola manifestada.

3.5. Ao abeiro da disposición adicional cuarta do Real decreto 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ás persoas en posesión do Título de Deseño que aspiren á obtención do título nas novas ensinanzas superiores de deseño na mesma especialidade, seranlle recoñecidos os créditos ECTS asociados ás disciplinas que as integran conforme ao establecido no citado real decreto, debendo cursar e superar, para a obtención do título correspondente, as disciplinas sinaladas no anexo a esta circular, sen necesidade de aboamento de prezos públicos por recoñecemento de créditos ECTS, e segundo o procedemento establecido no



apartado 3.2 da presente circular.

#### **4. Procedemento para o recoñecemento de créditos.**

4.1. Como norma xeral, só se recoñecerán créditos ECTS asociados ás disciplinas integradas nas ensinanzas superiores de deseño nas que se atope matriculado o/a alumno/a. Excepcionalmente, quedan exentos do requisito anterior os/as aspirantes ao acceso ao 3º e 4º curso das ensinanzas superiores de deseño sinalados no apartado 3.2 da presente circular.

4.2. O alumnado que desexe solicitar o recoñecemento de créditos asociados a disciplinas que integran as ensinanzas superiores de deseño, formalizará a súa solicitude no impreso que figura como anexo a esta circular, presentándoa no prazo establecido para iso no artigo 10º da Orde do 30 de setembro, xa citada, achegando a seguinte documentación:

- a) Certificación académica de ter superados os estudos, materias, módulos ou disciplinas obxecto do recoñecemento solicitado.
- b) Certificación de estar matriculado/a nas disciplinas para as que solicita o recoñecemento de créditos ECTS, se fose o caso.
- c) Programas oficiais visados polo centro de estudos oficial correspondente, das materias, módulos ou disciplinas superadas que serven de soporte á solicitude, agás que se trate de estudos cursados segundo plans establecidos pola consellería competente en materia de educación da Xunta de Galicia.
- d) Informe da xefatura do departamento de ensinanzas superiores correspondente sobre a procedencia do recoñecemento de créditos ECTS solicitados polo/a alumno/a, co visto e prece da dirección da escola.
- e) No caso de que o/a alumno/a solicite o recoñecemento de créditos ECTS asociados ás Prácticas externas por ter desenvolvido tarefas profesionais directamente relacionadas coa especialidade, deberá achegar:
  - Certificación da vida laboral, no caso de traballadores/as autónomos/as.
  - Certificación da empresa na que ten desenvolvido o seu traballo, na que conste o posto desempeñado, as tarefas específicas realizadas e os períodos correspondentes, no caso de traballadores/as por conta allea.

4.3. A dirección da escola remitirá á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, todas as solicitudes de recoñecemento de créditos que fosen presentadas polo seu alumnado, xunto coa documentación relativa ás mesmas, acompañadas do informe da xefatura do departamento de ensinanzas superiores correspondente co visto e prece da dirección, antes do 10 de outubro de 2014.

4.4. Para os efectos do recoñecemento de créditos ECTS, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará unha comisión que, logo de valorar os expedientes, propondrá á dirección xeral as resolucións individualizadas de cada solicitude antes do 29 de novembro de 2014.



## **5. Programacións docentes.**

- 5.1. As programacións das disciplinas de nova implantación, serán elaboradas polos/as docentes que impartan cada unha das disciplinas das ensinanzas superiores de deseño e supervisadas polo departamento de familia profesional correspondente. En relación cos contidos partirase dos descritores de competencias que se recollen no anexo I do Real decreto 633/2010, do 14 de maio, e dos descritores de contidos básicos que se recollen no anexo II do mesmo real decreto.
- 5.2. Unha vez aprobadas serán remitidas, antes do 15 de outubro, ao servizo de inspección correspondente, e á Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial.

## **6. Matrícula.**

Para os efectos de formalización de matrícula para o curso 2014-15, serán de aplicación as normas recollidas no artigo 8º da Orde do 30 de setembro de 2010, tendo en conta as aclaracións que seguen.

- 6.1. Non se poderá formalizar matrícula en máis dun centro de ensinanzas superiores de deseño de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 6.2. A matrícula para o primeiro curso académico das novas ensinanzas será de curso completo.
- 6.3. Sen prexuízo do disposto no punto 6.2 anterior, o número mínimo de créditos matriculados por curso académico será de 30, e o número máximo será de 75.
- 6.4. Para os efectos do cómputo do número máximo de créditos establecido no punto anterior, non se terán en conta os créditos asociados ás disciplinas nas que o alumnado teña solicitado e obtido o recoñecemento da totalidade deles.
- 6.5. No caso de que o/a alumno/a teña disciplinas pendentes será obrigatoria a matrícula en tódalas disciplinas pendentes.
- 6.6. Habilítase un período extraordinario de matrícula no mes de setembro, que rematará en todo caso antes do día 20, para o efecto de que poidan matricularse neste período extraordinario os/as titulados/as superiores de Deseño que se incorporen ás ensinanzas superiores do Plan LOE, así como aqueles que teñan accedido en virtude da proba extraordinaria de acceso de setembro, para o caso de que se convocase.

## **7. Avaliación.**

- 7.1. Dado o carácter esencialmente práctico dos contidos que se imparten nestas ensinanzas, a avaliación continua constitúe a ferramenta básica no proceso de avaliación. Consecuentemente, e para unha correcta aplicación deste principio, a asistencia regular do alumnado ás actividades lectivas constitúe condición indispensable do proceso de avaliación. A este fin, e segundo o establecido na guía docente de cada disciplina, a aplicación das ferramentas de avaliación deberá ter un carácter regular e permanente, de xeito que quede garantido o principio de avaliación continua.
- 7.2. Para a superación das disciplinas de contido progresivo respecto doutra/s do curso anterior, será preciso ter superada a/s disciplina/s do dito curso para poder ser avaliado



delas, segundo o cadro de relación que figura no anexo a esta circular.

7.3. A xefatura de estudos de cada escola proporá aos órganos colexiados do centro para a súa aprobación, un protocolo no que establezan:

- As condicións nas cales un alumno ou alumna pode incorrer na perda do dereito á avaliación continua por absentismo insuficientemente inxustificado.
- O procedemento para a comunicación ao alumno ou alumna afectado/a así como para a resolución.
- Os procedementos de avaliación alternativos no caso de perda do dereito a avaliación continua, que serán establecidos polos departamentos e aprobados polos órganos da escola con competencias pedagóxicas.

7.4. A asistencia ás actividades complementarias e/ou extraescolares, cando a realización de tales actividades estea recollida como elemento avaliábel dentro da programación de cada disciplina e teñan sido aprobadas para a súa execución polos órganos colexiados competentes de cada escola, formará parte do proceso de avaliación nos termos e coa ponderación que para tal efecto se teña establecido na programación docente.

7.5. Rematado o primeiro cuadrimestre do ano académico, no primeiro, segundo e terceiro cursos das ensinanzas superiores de deseño, o profesorado realizará unha avaliación e cualificación da disciplina que imparte, na sesión de avaliación convocada para o efecto, comunicándolle ao alumnado os resultados da mesma.

7.6. No período que media entre o remate das probas correspondentes á convocatoria ordinaria e o inicio das probas extraordinarias de xullo, agás no cuarto curso, o profesorado manterá o seu horario de titorías docentes, que poderá ser modificado co praxe da xefatura de estudos para adaptalo ás disponibilidades de espazos e demais necesidades docentes. No marco desas titorías docentes, o profesorado poderá programar actividades de recuperación especificamente orientadas ao alumnado que non teña superado a convocatoria ordinaria. A asistencia a tales actividades terá a consideración de obrigatoria e formará parte do proceso de avaliación, segundo se teña recollido na guía docente da disciplina.

7.7. En tanto non se regulen os documentos de avaliación propios das ensinanzas superiores de deseño que substitúan aos actualmente en uso, os centros manterán estes últimos, coas modificacións necesarias.

7.8. O suplemento europeo ao título será obxecto de regulación específica.

## 8. Convocatorias.

No referente ás convocatorias e avaliación, serán de aplicación as norma xerais recollidas nos artigos 11, 12 e 13 da Orde do 30 de setembro de 2010, así como o establecido na presente circular:

8.1. O alumnado disporá só dunha convocatoria ordinaria e outra extraordinaria por disciplina e ano académico, que terán lugar respectivamente nos dez primeiros días seguintes ao remate do 1º cuadrimestre e nos dez primeiros días seguintes ao remate do 2º cuadrimestre de cada ano académico, agás no caso do TFE, para o que se estará ao disposto no apartado 2.3.1 da presente circular.



- 8.2. O alumnado non poderá ser avaliado dunha disciplina considerada de contidos progresivos en tanto non teña superada a disciplina da que é continuación.
- 8.3. Para os efectos de regularizar a docencia e promover a progresión académica do alumnado que tivera disciplinas pendentes, as escolas, na medida do posible, organizarán, as probas correspondentes ás convocatorias ordinarias e extraordinarias das disciplinas pendentes nas que estea matriculado na mesma orde progresiva dos cursos as que pertenzan.
- 8.4. As convocatorias ás que un/ha alumno/a non se poida presentar en aplicación do punto 8.2 desta circular, serán anuladas de oficio pola dirección da escola sen necesidade de instar o procedemento de renuncia por parte do/a interesado/a.
- 8.5. Para o curso 2014-15 establécese o seguinte calendario lectivo e de probas de avaliación no referido ás ensinanzas superiores de deseño.
- O período lectivo do curso abrangue desde o 15 de setembro de 2014 ata o 22 de maio de 2015, ambos os dous inclusive.
  - As probas relativas á convocatoria ordinaria realizaranse entre o 25 de maio e o 5 de xuño de 2015, para o 1º, 2º e 3º curso.
  - As probas relativas á convocatoria extraordinaria de 1º, 2º e 3º realizaranse entre o 29 de xuño e o 10 de xullo de 2015, ambos os dous inclusive.
  - As probas relativas á convocatoria ordinaria do 4º curso realizaranse entre o 26 e o 30 de xaneiro de 2015.
  - As probas extraordinarias para o curso de 4º realizaranse entre o 25 de maio e o 5 de xuño de 2015, ambos os dous incluídos.
- 8.6. O alumnado do cuarto curso das ensinanzas superiores de deseño poderá solicitar a anulación das convocatorias para as disciplinas do dito curso nos prazos establecidos no artigo 12º. 1 da Orde do 30 de setembro de 2010.

Ao resto de alumnado, con disciplinas de carácter anual, seralle de aplicación o disposto no artigo 12º.2 da citada Orde do 30 de setembro.

En calquera caso, e en cumprimento do artigo 12º.3 da mesma orde, a dirección da escola poderá valorar e conceder as solicitudes de anulación de convocatoria presentadas por causas imprevistas fóra dos prazos establecidos.

## **9. Normas básicas para a realización das probas ordinarias e extraordinarias.**

- 9.1. A avaliación ordinaria e a extraordinaria poderán incluír a realización de probas específicas finais, ademais das probas e procedementos recollidos dentro da aplicación da avaliación continua, se así se establece na programación da disciplina.
- 9.2. O calendario de probas finais, no caso daquelas disciplinas para as que se estableza, deberá ser publicado por cada escola cunha antelación mínima de quince días previos ao inicio destas probas, indicando lugar, data e hora da mesma, así como a duración prevista.
- 9.3. As probas específicas terán unha duración e condicións de realización axeitadas á súa natureza. En calquera caso, a duración dunha proba non poderá exceder das 14 horas,



e deseñarse de xeito que o/a alumno/a poida ter un descanso mínimo de 30 minutos por cada 4 horas de sesión ou fracción, e sen exceder das 8 horas de duración da proba nun mesmo día.

9.4. Os/as docentes responsables de cada disciplina farán públicas as cualificacións e establecerán un mínimo de dúas citas, en días diferentes, para a revisión das cualificacións, e probas no seu caso. Estas revisións terán lugar con anterioridade ao remate do prazo para a entrega das cualificacións na secretaría da escola.

9.5. O procedemento de reclamación contra a cualificación final dunha materia rexerese polo establecido no artigo 14 da Orde do 30 de setembro de 2010.

9.6. A reclamación contra unha cualificación final, so poderá atenderse en dous supostos:

- Inadecuación da proba en relación cos obxectivos e contidos propios definidos para a disciplina na guía docente.
- Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación previstos na programación.

9.7. Ao obxecto de garantir a existencia de elementos probatorios obxectivos, no caso de recurso contra a cualificación que se desprenda da realización de probas finais específicas, os/as docentes manterán na escola, debidamente identificados e custodiados os exames, as probas ou pezas que constitúan traballos que serviron de base para a avaliación final do alumnado, ata o remate do ano académico, ou ata que se resolva definitivamente calquera reclamación presentada polo alumnado.

## **10. Aproveitamento académico e permanencia.**

Para o efecto de garantir o axeitado uso dos recursos públicos así como o dereito ao acceso ás ensinanzas artísticas superiores dos/as potenciais usuarios/as destes recursos, o alumno ou alumna que no 1º curso en 1ª matrícula, non supere no ano académico un mínimo de 20 créditos, sen causa suficientemente xustificada, perderá a praza acadada.

## **11. Disciplinas optativas nas ensinanzas superiores de deseño.**

11.1. As disciplinas optativas que se ofertarán ao alumnado do segundo, terceiro e cuarto curso no ano académico 2014-15, vistas as propostas remitidas desde as escolas, son as que figuran no anexo desta circular, coa carga lectiva, os créditos ECTS asociados e coas especificacións contidas no mesmo.

11.2. As Escolas de Arte e Superiores de Deseño Antonio Faílde, Pablo Picasso e Ramón Falcón ofertarán, no cuarto curso das ensinanzas superiores de Deseño nas especialidades de Gráfico e Interiores, as catro disciplinas optativas sinaladas no anexo a esta circular, das que o alumnado cursará dúas.

11.3. A Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo ofertará, no cuarto curso das ensinanzas superiores de Deseño nas especialidades de Moda e Produto, as catro disciplinas optativas sinaladas no anexo a esta circular, das que o alumnado cursará tres.

11.4. A posta en marcha das optativas autorizadas estará supeditada á existencia dun número mínimo de 7 alumnos/as matriculados/as por grupo. Non obstante, a inspección educativa, previa solicitude xustificada por parte do centro, poderá autorizar a súa posta en marcha cun número inferior.



- 11.5. O alumnado non poderá cursar aquelas materias optativas que non estean adscritas á especialidade que estea a cursar.
- 11.6. As escolas incluírán no apartado b) do capítulo II do plan anual da escola, segundo o establecido na Orde do 8 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, as programacións das materias optativas ofertadas, elaboradas polo/a docente que as imparta, a partir da guía didáctica da disciplina elaborada polo departamento da familia profesional que corresponda.
- 11.7. O alumnado poderá solicitar, seguindo o procedemento establecido no apartado 4 da presente circular, o recoñecemento de ata un máximo de sete créditos ECTS asociados a unha das disciplinas optativas, pola participación, debidamente acreditada, en actividades culturais, artísticas, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.

## **12. Adscrición de competencia docente.**

- 12.1. A competencia docente nas diferentes disciplinas do currículo para cada plan de estudos será a seguinte:
- a) As disciplinas das ensinanzas superiores de deseño adscribiranse aos/ás docentes que as teñan impartido nese mesmo curso. De non ser posible esta adscrición, atenderase ao exposto no seguinte punto.
  - b) Para a adscrición de docentes ás disciplinas do 4º curso, teranse en conta as competencias docentes establecidas no Real decreto 1284/2002, do 5 de decembro, aplicando o establecido nel nos casos de que a disciplina a impartir sexa semellante, en contidos e descritores, á materia dos estudos superiores de Deseño da mesma especialidade na que o citado real decreto lle recoñece competencia docente.
- 12.2. A adscrición de materia debe entenderse como de aplicación xeral, podendo ser modificada para cada caso concreto, por proposta da dirección, en beneficio do óptimo uso dos recursos humanos de que dispón o centro, e mantendo no posible os mesmos criterios de adecuación docente e curricular que se veñen aplicando para a adscrición das materias que se extinguen.

## **13. Expedición de títulos correspondentes ás novas ensinanzas superiores de Deseño LOE.**

- 13.1. Ata tanto non se publique a normativa específica sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as escolas tramitarán as solicitudes dos títulos das novas ensinanzas superiores de Deseño segundo o procedemento establecido para a tramitación das solicitudes de título correspondente aos estudos superiores de Deseño, cursados e superados ao abeiro do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro, polo que se establecen os estudos superiores de Deseño, a proba de acceso e os aspectos básicos do currículo dos ditos estudos, e aplicarán os prezos públicos establecidos para o efecto pola normativa vixente.
- 13.2. A petición do/a alumno/a que solicita a tramitación do seu título, as escolas poderán expedir a certificación correspondente, conforme ao modelo que figura no anexo á presente circular.

#### **14. Organización do segundo curso dos ciclos formativos de grao superior pertencentes á familia profesional artística Comunicación Gráfica e Audiovisual.**

14.1. Os módulos que integran os ciclos formativos de grao superior de Fotografía, Gráfica Publicitaria e Ilustración, pertencentes á familia profesional de Comunicación Gráfica e Audiovisual, implantados no ano académico 2013-14, ao abeiro do Real decreto 1432/2012, Real decreto 1431/2012 e Real decreto 1433/2012, respectivamente, todos eles do 11 de outubro (BOE do 3 de novembro todos eles), son os que figuran no anexo á presente circular.

14.2. Os módulos que integran o segundo curso dos citados ciclos formativos agás o de "Prácticas en empresas, estudos ou talleres" e o de "Proxecto integrado" impartiranse ao longo das 24 primeiras semanas lectivas do ano académico, distribuíndo as horas lectivas correspondentes a cada módulo entre as ditas 24 semanas lectivas do ano académico 2014-2015. O módulo de "Proxecto integrado" impartirase nas 12 últimas semanas do ano académico.

14.3. O módulo de Formación práctica en empresas, estudos ou talleres, cunha duración de 150 horas, realizarase ao longo das 12 últimas semanas do ano académico, en función da mellor organización das actividades docentes da escola, da idoneidade das empresas, estudos ou talleres que colaboran coa escola na realización deste módulo e da optimización dos períodos de realización do mesmo.

#### **15. Actualización normativa.**

O establecido na presente circular deixa sen efecto a Circular 4/2013.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2014

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

  
Rafael González López

## ANEXO

### Relación de disciplinas de contido progresivo nas ensinanzas superiores de deseño

<i>Disciplinas do 1º curso</i>	<i>Disciplinas do 2º curso</i>	<i>Disciplinas do 3º curso</i>	<i>Disciplinas do 4º curso</i>
<b>Ensinanzas superiores de DESEÑO de GRÁFICO</b>			
	Proxectos de deseño gráfico I	Proxectos de deseño gráfico II	Proxecto interdisciplinario
Tecnoloxía dixital	Tecnoloxía dixital aplicada I	Tecnoloxía dixital aplicada II	
Laboratorio de imaxe	Fotografía		
<b>Ensinanzas superiores de DESEÑO de INTERIORES</b>			
	Proxectos de deseño de interiores I	Proxectos de deseño de interiores II	Proxectos de deseño interiores III
Tecnoloxía dixital	Tecnoloxía dixital aplicada I	Tecnoloxía dixital aplicada II	
	Construción I	Construción II	
	Materiais		
	Instalacións I	Instalacións II	
<b>Ensinanzas superiores de DESEÑO de MODA</b>			
Tecnoloxía dixital	Deseño gráfico aplicado á moda		
Volume	Estruturas		
Deseño básico	Deseño de moda I	Deseño de moda II	
Patronaxe básica	Patronaxe I	Patronaxe II	
	Modelismo e prototipos	Proxectos de deseño de moda	
	Tecnoloxía téxtil I	Tecnoloxía téxtil II	
	Materiais téxtiles I	Materiais téxtiles II	
<b>Ensinanzas superiores de DESEÑO de PRODUTO</b>			
Tecnoloxía dixital	Tecnoloxía dixital aplicada		
Volume	Modelos e prototipos I		
Historia das artes e o deseño	Historia do deseño industrial		
Deseño básico	Proxectos de deseño de produto I	Proxectos de deseño de produto II	
Fundamentos do deseño			
Ciencia aplicada ao deseño	Materiais I	Materiais II	
	Deseño gráfico aplicado aos produtos	Envases e embalaxes	

Disciplinas que deben cursar e superar os/as titulados/as en Deseño que aspiren á obtención do título nas novas ensinanzas superiores de Deseño, segundo as especialidades.

<b>Especialidade:GRÁFICO</b>			
<b>3º curso:</b>	<b>ECTS asocia.</b>	<b>4º curso:</b>	<b>ECTS asocia.</b>
	--	Proxecto interdisciplinar	10
	--	Xestión do deseño gráfico	6
	--	Prácticas externas	12
	--	Disciplinas optativas	14
	--	Traballo Fin de Estudos (TFE)	18
<b>Total ECTS pendentes:</b>	--	<b>Total ECTS pendentes:</b>	<b>60</b>
<b>Especialidade:INTERIORES</b>			
<b>Economía</b>	<b>4</b>	Prácticas externas	12
	--	Disciplinas optativas	14
	--	Proxectos de deseño de interiores III	10
	--	Traballo Fin de Estudos	18
<b>Total ECTS pendentes:</b>	<b>4</b>	<b>Total ECTS pendentes:</b>	<b>54</b>
<b>Especialidade: MODA</b>			
	--	Prácticas externas	12
	--	Disciplinas optativas	30
	--	Traballo Fin de Estudos (TFE)	18
<b>Total ECTS pendentes:</b>	--	<b>Total ECTS pendentes:</b>	<b>60</b>
<b>Especialidade: PRODUTO</b>			
	--	Prácticas externas	12
	--	Disciplinas optativas	30
	--	Traballo Fin de Estudos (TFE)	18
	--	<b>Total ECTS pendentes:</b>	<b>60</b>
<b>Total ECTS pendentes:</b>	--	<b>Total ECTS pendentes:</b>	<b>60</b>

**Solicitud de ADMISIÓN ás ensinanzas superiores de Deseño (LOE), para titulados/as en Deseño ao abeiro do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro, (LOXSE).**

D. /na : ....., con D.N.I. nº: .....  
 e domicilio en R./Pza./Avda.: ..... nº : .....  
 Portal: .....  
 con telefono/s: ..... / ....., enderezo electrónico: ....., en posesión do Título en Deseño (LOXSE), na especialidade de: ....., obtido na EASD: ..... de .....

**SOLICITA:**

A admisión na EASD ..... de ..... para cursar o 3º  / 4º  curso/s das ensinanzas superiores de deseño (LOE), na especialidade de: ....., no ano académico 2014-15.

Para os efectos desta solicitude, achega a seguinte documentación:

	Copia cotexado do Título en Deseño.
	Se é o caso, copia cotexada da/s resolución/s de recoñecemento de créditos ECTS asociados ás disciplinas que integran as ensinanzas superiores de Deseño (LOXSE).
	Se é o caso, solicitude de recoñecemento de créditos ECTS asociados ás disciplinas que integran as ensinanzas superiores de Deseño (LOXSE), xunto coa documentación pertinente.
	Outra documentación: (especificar):

En ....., a .... de ..... de 20....

Asdo.: .....

**Sr/a. director/a da EASD** ..... de .....

**Solicitud de recoñecemento de créditos ECTS asociados a disciplinas das ensinanzas superiores de deseño.**

D./na.: ..... con D.N.I. n.º ..... e domicilio na Rúa/Avda.: ..... n.º: ..... Andar: ..... Letra: ..... e teléfono/s ..... / .....

Matriculado /a:  Non matriculado/a:   
no/s curso/s ..... e ..... das ensinanzas superiores de Deseño, na especialidade de ..... na EASD ..... de .....

**SOLICITA:**

O recoñecemento de créditos ECTS asociados ás disciplinas nas que se atopa matriculado/a, por ter superado a/s materia/s ou módulo/s do plan de estudos correspondente á titulación de ..... establecido polo (\*) ..... cursados/as no centro .....

<b>Materia/s ou módulo/s que soportan a solicitude de recoñecemento de ECTS:</b>	<b>Curso:</b>	<b>Disciplina/s relacionadas para as que solicita o recoñecemento de ECTS:</b>	<b>Curso:</b>

(\*) Cítese o Real decreto, Decreto ou Orde que estableceu o plan de estudos e a data do BOE ou Diario Oficial da C.A. no que se publicou.

Para os efectos da solicitude, achega a seguinte documentación:

	Certificación da matrícula nas disciplinas para as que solicita recoñecemento de ECTS.
	Certificación de ter superadas a/s materia/s ou módulo/s que serven de soporte á solicitude.
	Se é o caso, programa/s oficial/ais da/s materia/s, módulo/s superado/s que serven de soporte á solicitude de recoñecemento de ECTS.
	Outra documentación:

En ....., a .... de ..... de 20....

Asdo.: .....

**Sr. director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.**

*Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Educativa.*

Modelo de certificación de solicitude do título nas ensinanzas superiores de Deseño

D./na. .... secretario/a da Escola de Arte e Superior de Deseño (EASD) “.....”, de .....

**CERTIFICA:**

1º.- Que D./na.: **NOME 1º APELLIDO 2º APELLIDO**, con D.N.I. nº.: ....., ten cursadas e superadas nesta EASD, todas as disciplinas integradas no plan de estudos establecido pola *Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao* (D.O.G. do 8 de outubro), corrixida no D.O.G. do 16 de abril de 2012, e publicada para o desenvolvemento do disposto no *Real decreto 633/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de Grao de Deseño establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* (B.O.E. do 5 de xuño), ao abeiro do *Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* (B.O.E. do 27 de outubro).

2º.- Que D./na.: **NOME 1º APELLIDO 2º APELLIDO**, con D.N.I. nº.: ....., ten aboada/s a/s taxa/s legalmente establecida/s para o efecto; e cumpre todos os requisitos académicos para a expedición do título que corresponda, segundo a lexislación en vigor, ás ensinanzas superiores de Deseño citadas.

O que, a solicitude do/a interesado/a, e co visto e praxe do Sr. director/a da EASD, asino en ..... a ..... de ..... 20....

O director/a  
/

O secretario/a

Asdo.: .....

D./na.: .....

## Ciclo formativo de grao superior: FOTOGRAFÍA

2. Formación no centro docente.

2.1. Módulos correspondentes ás ensinanzas impartidas no centro docente. \*

Módulos	Ratio Profesorado/ Alumnado	Horas totais por curso		Créditos ECTS asociados	
		1.º curso	2.º curso	1.º curso	2.º curso
1. Fundamentos da representación e a expresión visual	1/30	144	----	8	----
2. Teoría da imaxe	1/30	72	----	4	----
3. Historia da fotografía	1/30	72	----	4	----
4. Medios informáticos	1/15	144	----	8	----
5. Técnica fotográfica I	1/15	216	----	10	----
6. Proxectos de fotografía I	1/15	288	----	18	----
7. Linguaxe e tecnoloxía audiovisual I	1/15	144	----	8	----
8. Teoría fotográfica	1/30	----	144	----	8
9. Técnica fotográfica II	1/15	----	144	----	8
10. Proxectos de fotografía II	1/15	----	216	----	8
11. Linguaxe e tecnoloxía audiovisual II	1/15	----	144	----	8
12. Proxecto integrado	1/1	----	50	----	18
13. Formación e orientación laboral	1/30	----	72	----	4
<b>Totais:</b>		<b>1.080</b>	<b>770</b>	<b>60</b>	<b>54</b>
<b>Total créditos ECTS:</b>				<b>114</b>	

\* Para os efectos do cómputo horario considéranse 36 semanas para cada un dos dous cursos que dura o ciclo formativo.

## Ciclo formativo de grao superior: GRÁFICA PUBLICITARIA

2. Formación no centro docente.

2.1. Módulos correspondentes ás ensinanzas impartidas no centro docente. \*

Módulos	Ratio Profesorado/ Alumnado	Horas totais por curso		Créditos ECTS asociados	
		1.º curso	2.º curso	1.º curso	2.º curso
1. Fundamentos da representación e a expresión visual	1/30	144	----	8	----
2. Teoría da imaxe	1/30	72	----	4	----
3. Medios informáticos	1/15	144	----	8	----
4. Historia da imaxe publicitaria	1/30	72	----	4	----
5. Tipografía	1/30	216	----	12	----
6. Fundamentos do deseño gráfico	1/30	144	----	8	----
7. Linguaxe e tecnoloxía audiovisual	1/15	144	----	8	----
8. Proxectos de gráfica publicitaria I	1/15	144	----	8	----
9. Fotografía	1/15	----	144	----	8
10. Teoría da publicidade e o marketing	1/30	----	72	----	4
11. Proxectos de gráfica publicitaria II	1/15	----	288	----	12
12. Linguaxe e tecnoloxía audiovisual II	1/15	----	144	----	8
13. Proxecto integrado	1/1	----	50	----	18
14. Formación e orientación laboral	1/30	----	72	----	4
<b>Totais:</b>		<b>1.080</b>	<b>770</b>	<b>60</b>	<b>54</b>
<b>Total créditos ECTS:</b>				<b>114</b>	

\* Para os efectos do cómputo horario considéranse 36 semanas para cada un dos dous cursos que dura o ciclo formativo.

## **Ciclo formativo de grao superior: ILUSTRACIÓN**

2. Formación no centro docente.

2.1. Módulos correspondentes ás ensinanzas impartidas no centro docente. \*

Módulos	Ratio Profesorado/ Alumnado	Horas totais por curso		Créditos ECTS asociados	
		1.º curso	2.º curso	1.º curso	2.º curso
1. Fundamentos da representación e a expresión visual	1/30	144	-----	8	-----
2. Teoría da imaxe	1/30	72	-----	4	-----
3. Medios informáticos	1/15	144	-----	8	-----
4. Representación espacial aplicada	1/30	144	-----	8	-----
5. Técnicas gráficas tradicionais	1/15	72	-----	4	-----
6. Debuxo aplicado á ilustración I	1/30	144	-----	8	-----
7. Técnicas de expresión gráfica I	1/30	144	-----	8	-----
8. Proxectos de ilustración I	1/15	144	-----	8	-----
9. Historia da ilustración	1/30	72	-----	4	-----
10. Fotografía	1/15	-----	144	-----	6
11. Debuxo aplicado á ilustración II	1/30	-----	144	-----	6
12. Técnicas de expresión gráfica II	1/30	-----	144	-----	6
13. Producción gráfica industrial	1/15	-----	72	-----	6
14. Proxectos de ilustración II	1/15	-----	144	-----	8
15. Proxecto integrado	1/1	-----	50	-----	18
16. Formación e orientación laboral	1/30	-----	72	-----	4
<b>Totais:</b>		<b>1.080</b>	<b>770</b>	<b>60</b>	<b>54</b>
<b>Total créditos ECTS:</b>				<b>114</b>	

\* Para os efectos do cómputo horario considéranse 36 semanas para cada un dos dous cursos que dura o ciclo formativo.

**Relación de disciplinas optativas nas ensinanzas superiores de deseño ofertadas, por escolas e especialidades.  
EASD "Antonio Faílde" - OURENSE.**

Especialidade:	2º Curso(*)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	3º Curso(**)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	4º Curso(***)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS
<b>GRÁFICO</b>	Xestión da cor	2	72	6	Deseño editorial	5	180	11	Proxecto experimental	6	108	7
	Maquetas e prototipos	2	72	6	Taller 3D e interacción	5	180	11	Gráfica corporativa	6	108	7
					Ilustración	5	180	11	Tipografía II	6	108	7
Especialidade:	2º Curso (*)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	3º Curso (**)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	4º Curso (***)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS
<b>INTERIORES</b>	Deseño de espazos e arquitectura efémera	2	72	4	Fotografía da arquitectura	2	72	5	Deseño de entornos exteriores e espazos de escala urbana	6	108	7
	Maquetas e prototipos	2	72	4	Rehabilitación de espazos e sustentabilidade	2	72	5	Aplicacións dixitais á presentación do proxecto	6	108	7
					Deseño de mobiliario	2	72	5	Deseño de espazos termals	6	108	7
									Dirección de obras de interiores	6	108	7

(\*) O alumnado elixirá unha das dúas disciplinas optativas ofertadas

(\*\*) O alumnado elixirá dúas das tres disciplinas optativas ofertadas.

(\*\*\*) O alumnado elixirá dúas das catro disciplinas optativas ofertadas.

## EASD "Mestre Mateo" - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Especialidade:	2º Curso	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	3º Curso	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	4º Curso (***)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS
<b>MODA</b>									Estilismo escénico	4	72	6
									Comunicación audiovisual	4	72	6
									Patronaxe CAD	4	72	6
									Ilustración creativa	4	72	6
									Deseño de moda infantil	4	72	6
									Comunicación profesional	4	72	6
									4º Curso (****)			
<b>Especialidade:</b>	2º Curso (*)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	3º Curso (**)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	4º Curso (****)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS
<b>PRODUTO</b>	Técnicas da cor aplicadas ao	2	72	4	"Design Lab."	2	72	6	Equipamento de espazos	7	120	10
	Debuxo técnico II	2	72	4	Estruturas e cálculo para	2	72	6	Deseño de equipos e	7	120	10
					Biodeseño	2	72	6	Equipamento persoal	7	120	10
					Inglés técnico	2	72	6	Estratexia e sistemas	7	120	10
					Proxecto emprendedor	1	36	6				
				Modelos e prototipos	1	36	6					

(\*) O alumnado elixirá unha das dúas disciplinas optativas ofertadas.

(\*\*) O alumnado elixirá dúas entre as catro primeiras disciplinas ofertadas, e unha entre as dúas últimas.

(\*\*\*) O alumnado elixirá cinco das seis disciplinas optativas ofertadas.

(\*\*\*\*) O alumnado elixirá tres das catro disciplinas optativas ofertadas.

## EASD "Pablo Picasso" - A CORUÑA

Especialidade:	2º Curso (*)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	3º Curso (**)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	4º Curso(****)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS
<b>GRÁFICO</b>	Técnicas de expresión gráfica	2	72	6	Edición editorial	4	144	8	Infografía	6	108	7
	Narración gráfica	2	72	6	"Packaging"	4	144	8	Imaxe global ("Branding")	6	108	7
					A fotografía do obxecto	4	144	8	Edición avanzada de WEB	6	108	7
					Novos comportamentos do deseño gráfico	2	72	6	Deseño de Estampación	6	108	7
				Taller de modelos tridimensionais	2	72	6					
<b>Especialidade:</b>	2º Curso (*)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	3º Curso(***)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	4º Curso(****)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS
<b>INTERIORES</b>	Coir e forma no espazo tridimensional	2	72	4	Deseño do interior e comunicación	2	72	5	Taller de instalacións	6	108	7
	Taller de volume	2	72	4	Xardinería	2	72	5	Deseño do moble	6	108	7
					O espazo fotografado	2	72	5	Arquitectura efémera	6	108	7
									Rehabilitación	6	108	7

(\*) O alumnado elixirá unha das dúas disciplinas optativas ofertadas.

(\*\*) O alumnado elixirá dúas entre as tres primeiras disciplinas ofertadas, e unha entre as dúas últimas.

(\*\*\*) O alumnado elixirá dúas das tres disciplinas ofertadas.

(\*\*\*\*) O alumnado elixirá dúas entre as catro disciplinas ofertadas.

## EASD "Ramón Falcón" - LUGO

Especialidade:	2º Curso (*)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	3º Curso (**)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	4º Curso (****)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS
<b>GRÁFICO</b>	Laboratorio da cor	2	72	6	Deseño editorial	4	144	8	Publicación dixital	6	108	7
	Ilustración	2	72	6	Fotografía II	4	144	8	Gráfica aplicada aos espazos	6	108	7
					Animación dixital	4	144	8	Infografía	6	108	7
					Técnicas de expresión gráfica	2	72	6	Procesos e innovación no deseño gráfico	6	108	7
					Teoría da imaxe	2	72	6				
Especialidade:	2º Curso (*)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	3º Curso (***)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS	4º Curso(****)	H/Sem.	Total/ H.	ECTS
<b>INTERIORES</b>	Laboratorio da cor	2	72	4	Luminotecnia	2	72	5	Escenografía	6	108	7
	Técnicas de expresión gráfica	2	72	4	Deseño de mobiliario	2	72	5	Textiles	6	108	7
					Laboratorio de construción tradicional	2	72	5	Desenvolvemento de produtos de carpintería e moble	6	108	7
									Gráfica aplicada aos espazos	6	108	7

(\*) O alumnado elixirá unha das dúas disciplinas optativas ofertadas.

(\*\*) O alumnado elixirá dúas entre as tres primeiras disciplinas ofertadas, e unha entre as dúas últimas.

(\*\*\*) O alumnado elixirá dúas das tres disciplinas ofertadas.

(\*\*\*\*) O alumnado elixirá dúas entre as catro disciplinas ofertadas.